

ACTA

Nº 47 Ano 2015.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Intercentros na sala de xuntas E, no Edificio Administrativo de San Caetano, sendo as 11,15 horas do día 21 de decembro de 2015, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<u>Nome</u>	<u>Posto</u>	<u>Teléfono</u>
Emilio J. de la Iglesia Lema	S.X. Presidencia	4.42.03
Laura Suarez Fernandez	D.X. Avaliación e Reforma	4.54.67
Victor Gallego Vincent	D.X. Función Pública	4.52.37
Teresa Lorenzo Fernández	D.X. Traballo e Econ.Soc.	4.47.71

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<u>Nome</u>	<u>Organización Sindical</u>	<u>Teléfono</u>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Jose Carlos Rocha Arrue	UGT	629.851.751
Mª Carmen Piñeiro Lampón	CSI-F	881-542-850
Pilar de Celis Getino	CIG	607-995-385

Asisten asímesmo Pablo Diaz Vazquez, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, e Jose Acuña Vilas, por Mugatra.

1- Lectura e aprobación da última acta:

Acórdase por unanimidade aprobar a acta da anterior xuntanza.

2.- Presentación e debate do programa das actividades preventivas a realizar no 2.016, pola Administración Xeral da Xunta de Galicia:

- a) Xestión da Prevención. A Administración presenta o programa, sinalando que é moi similar a de anos anteriores, facendo constar que a principal novidade será que a 31 de maio remata o contrato de colaboración asinado con Mugatra, polo que tentarase que esta situación provoque as menores consecuencias na posta en práctica deste programa. CCOO sinala que a páxina do servizo webbriscos ten problemas de actualización, en concreto non foron subidas as últimas actas deste comité, e non se modificaron os nomes

dalgúns dos seus compoñentes. A Administración manifesta que procederá a dita subsanación.

- b) Avaliación de riscos. A Administración fai constar, coma sempre, que o listado presentado non é pechado, e nel poderán incorporarse centros o longo do ano, que por circunstancias motivados o precisasen.
- c) Medidas de emerxencia. A Administración informa de que concluírase neste ano a instalación dun novo sistema contraincendios no complexo San Caetano, e que despois levarase este sistema o resto dos edificios administrativos. UGT solicita a realización dun simulacro no edificio da Demarcación Territorial da Consellería de Sanidade en A Coruña. A Administración comprométese a realizalo.
- d) Vixilancia da Saúde. A Administración manifesta que abrirá o período de solicitude de recoñecementos médicos no mes de febreiro. CSIF prantexa que a sala utilizada na Residencia de Maiores Volta do Castro de Santiago, non é axeitada para a realización destes recoñecementos, pola súa disposición e frialdade. A Administración falará co responsable do centro sobre esta cuestión. CIG insiste de novo nos recoñecementos do persoal contratado na tempada de alto risco, quenes cando abrese o período de solicitude non están traballando. A Administración manifesta que esta cuestión depende da Consellería do Medio Rural, quen poida suxerir propostas para atopar unha solución.
- e) Formación. A Administración informa de que a maiores das accións programadas, solicitouse a Egap tres cursos on line, que inda non están aprobados. Serían, un para a actuación do persoal de atención ó público ante as agresións, outro para os riscos do traballo no exterior do persoal do servizo contraincendios, e outro para os riscos no traballo do persoal de laboratorios. O responsable de Mugatra ofrece a web da súa entidade, para que o persoal dependente da Xunta de Galicia, poida acceder a realización dos cursos ofertados en dita plataforma para as empresas que teñen concerto con Mugatra. (Cursos incluídos no apartado I da guía formativa que poidese consultar na web www.mugatra.es, Formación, Catálogo de cursos, Guía Formativa.
- f) O responsable de Mugara ofrece a web da súa entidade, para que o persoal dependente da Xunta de Galicia, poida acceder a realización de cursos on line, que están colgados en dita páxina.
- g) Participación. Coma hai un punto específico na orde do día, acórdase levar este debate o mesmo.
- h) Investigación de accidentes. A Administración manifesta que seguirá coa liña de actividade actual.

3.- Proposta de conformación provisional dos comités, dacordo coa nova estrutura administrativa:

O Secretario, coma autor da proposta, informa de que a mesma so pretende que os comités sigan a funcionar, coas menores disfuncións competenciais posibles, mentres non se realice o axeitamento definitivo, a composición actual do goberno da Xunta de Galicia. Segundo a proposta, todos os comités quedarían igual no seu ámbito de competencia, excepto Traballo e Benestar, que pasaría a tratar so asuntos de Benestar, ou sexa da actual Cª de Política Social, e as cuestións do persoal de Emprego,

debatiríanse no Comité de Economía e Industria, consellería na que están adscritos agora. A proposta é aprobada por unanimidade.

4.- Rogos e preguntas:

UGT pregunta sobre cando vaise cubrir a vacante existente na delegación do Servizo de Prevención en A Coruña. A Administración informa de que está cobertura farase proximamente.

CCOO solicita que cando algún traballador ou traballadora sufra un accidente de traballo, de carácter leve, e precise da atención médica ó través da mútua, poida ser acompañado por algunha persoa do seu servizo, área, departamento... A Administración manifesta que esta cuestión parece máis propia do réxime de permisos e licenzas e non unha cuestión de prevención de riscos laborais, manifestando o Presidente do Comité e o subdirector de Réxime Xurídico e Relación Laborais, a título persoal, que eles nunca porían ningún impedimento a que a persoa sexa acompañada, cando o precise, pero que non ven procedente facer ningunha regulación desta situación.

Levántase a sesión sendo as 12,30 h.

Vº Bº O PRESIDENTE



EMILIO DE LA IGLESIA LEMA

Vº Bº O SECRETARIO



EDUARDO FREIRE POUSA